

AUDITORÍA DA AUGA

Auditoría da auga e programa de uso eficiente na Facultade de Ciencias da Educación



Alumnado de Ciencias da Educación e persoal bolsreiro Green Campus

Facultade de Ciencias da Educación, 24 de abril de 2018

Coa base teórica do módulo de Obradoiro de Auditoría da auga, distribuíronse grupos para levar a cabo as actuacións de inventariado e medidas de axuste en todos os baños do centro. Nesta facultade non foi posíbel a instalación de perlizadores debido á incompatibilidade das billas. A medida a tomar neste caso foi o axuste de chaves, e tomouse a recomendación é o arranxo das 20 unidades de chaves para o axuste de caudal, pois é unha actuación de baixo custo.

Non foi posible actuar sobre as cisternas deste centro, xa que todas as revisadas neste centro resultaron ser empotradas e/ou con mecanismo de descarga tipo fluxor.

Resultados: ANÁLISE POR TIPO DE ACTUACIÓN

Fac. de CC. da Educación	Nº uds.	Caudal medio*	Caudal MAX.*	Caudal MIN.*
Chaves axustábeis (situación previa)	11	5,2±2,2	10,0	1,8
Chaves axustadas (situación posterior)	11	2,1±0,5	2,9	1,5
Chave solta	14	5,1±2,0	9,0	1,6
Sen peza da chave	6	3,9±2,5	8,2	2,0
Estropeada (1-2s)	3	4,9±3,9	9,0	1,2
Xa axustado	6	2,7±0,9	4,3	1,9

Redución global: 19%

Redución nas billas axustadas: 60%

Nº Chaves que poderían ter arranxo/recambio: 20

Recomendación: actuación sobre as 20 chaves que poden ter arranxo/recambio

*Caudais en L/min